



ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

Por Resolución do 25 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, fíxose pública a convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. Sendo as 10.00 horas, do día 24 de xullo de 2013, no na Cidade da Cultura de Galicia, reúnense as seguintes persoas:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, como presidente da Comisión Delegada.
- D. Ramón Brigos Fernández, como secretario da Comisión Delegada.

VOGAIS:

Da Área de España:

- Dna. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Hijos de Galicia en Sestao
- D. Ernesto Lagarón Vidal, en representación da Agrupación Cultural Saudade
- D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Gallego de Salamanca
- D. Ángel Robles Pazos, en representación do Lar Gallego de Sevilla

Da Área de Europa:

- D. Álvaro Moreira Muíños, en representación de Xuventude de Galiza – Centro Galego de Lisboa
- D. Nicolás Miño Suárez, en representación do Centro Galego de Londres
- Dna. Alejandra Plaza Rodríguez, en representación do Centro Cultural Galego de Frankfurt
- D. Miguel Palomo López, en representación do centro Gallego de Bruxelas

Da Área de América:

- Dna. M^a Ángeles Rodríguez Sarmiento, en representación da Hermandad Gallega de Venezuela
- D. Jorge Torres Cantalapiedra, en representación do Centro Gallego de Montevideo
- D. Enrique F. Repiso Muriedas, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba
- D. José Luís Durán Ríos, en representación do Partido Judicial de Órdenes en Buenos Aires



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

- D. Manuel Ramos Pérez, en representación da Casa de Galicia en Montevideo
- Dna. Marta Donsión de Ferreiro, en representación do Centro Gallego de Buenos Aires

Asisten á reunión da Comisión Delegada: D. Manuel Díaz López, D. Ildefonso de la Campa, Dna. Beatriz Seoane Ares, Dna. M^a Rosario García Villadangos, Dna. Begoña Solís Domínguez, D. Carlos Santiso Barros e Dna. Esther del Río Baña, como membros da Secretaría Xeral da Emigración.

1. Primeiro punto da orde do día: constitución da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

O secretario xeral da Emigración toma a palabra, da a benvinda e agradece asistencia aos representantes das comunidades galegas que conforman a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Presenta o persoal da Secretaría Xeral da Emigración que asiste á sesión e logo de comprobar que existe quórum suficiente declara constituída a comisión.

Solicita que co consentimento da Comisión Delegada se deixe constancia na acta da comisión o recoñecemento a D. Santiago Camba Bouzas polo seu denodado esforzo e eficaz traballo en prol da emigración culminado co desenvolvemento do último consello de Comunidades Galegas que tivo lugar en Galicia, destacando a súa experiencia nesta materia, así como a súa longa traxectoria política nos ámbitos Local, Estatal e Autonómico.

A continuación presenta o informe de xestión da Secretaría Xeral da Emigración, realizada no primeiro semestre do exercicio corrente.

A súa intervención consta como Anexo I da presente acta.

2. Segundo punto da orde do día: Informe sobre a Lei da galegidade aprobada polo Parlamento de Galicia.

O presidente dá a palabra a D. Ildefonso de la Campa Montenegro, que realiza unha exposición detallada sobre os contidos da Lei da galegidade aprobada polo Parlamento de Galicia.

Salienta que o goberno galego mantivo o compromiso tomado coas comunidades galegas, en canto a redacción do texto da Lei, rexeitando aquelas emendas da oposición que pretendían desnaturalizar o mencionado texto levándoo a un proxecto regulador de dereitos individuais e non ao pretendido de marcado carácter asociativo.



A intervención realizada por D. Ildefonso de la Campa figura como Anexo II da presente acta.

A continuación o Presidente da Comisión concede unha rolda de intervencións aos asistentes para debater sobre os dous primeiros puntos da orde do día tratados.

D. Jorge Torres Cantalapiedra, representante do Centro Gallego Montevideo, pregunta se as persoas que retornaron do Uruguai con anterioridade a que a futura resolución para axudas aos retornados emprendedores saia publicada no Diario Oficial de Galicia, poden acceder ás mesmas. O secretario xeral da Emigración indica que teñen dereito ás mesmas mentres teñan a condición de emigrante retornado.

D. Ángel Robles Pazos, representante do Lar Gallego de Sevilla, solicita información sobre a convocatoria do programa Conecta con Galicia. O secretario xeral da Emigración responde que todos os mozas e mozos galegos residentes no territorio nacional poden acceder á convocatoria para campamentos que publica a Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

D. Jorge Torres Cantalapiedra fai un recoñecemento ao traballo que se realiza dende a Secretaría Xeral da Emigración e agradece, así mesmo o labor desenvolvida por D. Santiago Camba Bouzas.

D. Nicolás Miño Suárez, representante do Centro Gallego de Londres, informa sobre o incremento de mozas e mozos galegos no Reino Unido, e que traballan en “todo”. Dña. Alejandra Plaza Rodríguez, representante do Centro Cultural Galego de Frankfurt manifesta que en Alemaña non sucede así, a emigración galega é minoritaria, manifesta a dificultade de instalarse en Suíza ou Alemaña pola dificultade que presentan estes países á hora de asentarse neles e que moitas veces non se cumpren as expectativas dos que emigran.

D. Ildefonso, di que a realidade que se detectou non é o dunha emigración masiva aínda que nas visitas realizadas a Londres detectaron mozos en procura de traballo. Informa que o estudo realizado na Suíza coincide coa información que facilita a representante de Frankfurt, e que está previsto un estudo no mesmo sentido en Alemaña, Reino Unido e Francia.

O secretario xeral aclara que a finalidade do estudo a desenvolver non só é o coñecer o número de persoas que emigran, senón constatar se existen situacións de necesidade e as dificultades que están a pasar as persoas que están a emigrar na actualidade.



D. Ernesto Lagarón Vidal, manifesta que a prensa ás veces distorsiona a realidade, contando anécdotas ao respecto ocorridas nos anos oitenta, o que corrobora Dna. Alejandra Plaza, reiterando que a emigración que chega a Alemaña é maioritariamente do resto de España.

Nese intre faise un pequeno receso.

3.- Terceiro punto da orde do día: Presentación do documento de liñas básicas de estrutura dos decretos de recoñecemento da galegitude, rexistro e órganos de representación do Consello de Comunidades Galegas.

O presidente dá a palabra a Ildfonso de la Campa Montenegro que fai unha presentación das liñas básicas da estrutura do decreto polo que se establece o procedemento para o recoñecemento das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e se regula o Rexistro da Galegitude.

Neste sentido, destaca o labor desenvolvido polos subdirectores xerais e os xefes de servizo, así como as achegas da Unión de Sociedades Galegas na Arxentina, subliñando que incluso detectaron un defecto de forma na redacción nalgún dos artigos da norma.

A súa exposición figura como Anexo III da presente acta.

Ao remate da súa intervención aclara que é un proxecto de decreto que se presenta para ser debatido e mellorado coas achegas de todos. Di que espera que sexa obxecto de estudo e proposta das distintas comunidades galegas, dando de prazo ata mediados de setembro para recibir as achegas realizadas por estas.

Rematada a intervención, o presidente outorga a palabra a aqueles membros da comisión que queiran facer uso dela.

Toma a palabra o representante da Agrupación Cultural Saudade, D. Ernesto Lagarón Vidal, poñendo de manifesto a dificultade de que as entidades poidan saber se determinados socios figuran como tales en dúas ou máis sociedades.

O poñente di que non é obriga da entidade, senón da propia administración, que unha vez coñecidos os datos das distintas sociedades pode detectar os casos de socios que pertencen a máis dunha sociedade.

D. Ernesto Lagarón Vidal, solicita unha aclaración acerca de como recoller na memoria económica as axudas doutras administracións, no caso daquelas concedidas e non aboadas.

D. Ildfonso de la Campa, manifesta que a memoria económica, aínda que no texto se recollen unhas liñas básicas do que debe conter, o natural sería recoller a contabilidade do ano anterior da sociedade, na que eses aspectos deben estar reflectidos.

D. Ernesto Lagarón está de acordo, di que o que se debería presentar é o libro de contabilidade oficial, para evitar posibles falsidades.

Toma a palabra Dna. Pilar Rodríguez Villar, manifestado estar de acordo con D. Ernesto, en canto á contabilización de socios que pertencen a máis dunha sociedade. Neste sentido D.



Ildefonso de la Campa, di que sería interesante introducir no texto do decreto a posibilidade de que o socio poida determinar a qué comunidade galega quere pertencer no ámbito da galegitude.

Dña. Pilar manifesta a dificultade de levar un rexistro de socios cos medios cos que contan as sociedades e reitera a solicitude realizada no Consello de Comunidades Galegas que tivo lugar en Montevideo en 2009 dun programa de xestión para as entidades galegas. Di que no País Vasco, algúns membros mozos das entidades están a elaborar un programa básico de xestión.

En canto a presentación da memoria de actividades di que lle parece sinxela. No canto á presentación da memoria económica di que o goberno Vasco tamén llo solicita anualmente, e que está de acordo en facela de xeito rigoroso.

D. Ildefonso de la Campa, sobre a memoria económica, o que se pretende e coñecer a realidade das entidades, que o control efectivo destas corresponde á administración dos lugares nos que están asentadas. A administración galega non pretende fiscalizar as entidades.

Intervén o secretario xeral da Emigración, e informa de que a Secretaría Xeral da Emigración está a traballar coa AMTEGA, nun soporte informático que conteña os datos do rexistro da galegitude e que tamén se está a traballar nun sinxelo xestor informático que puidera ser compatible cos datos que se requiren por parte da Secretaría Xeral. Esta aplicación estaría conformada por módulos, para que cada comunidade galega poida coller os que precise para súa mellor xestión.

Dña. Pilar Rodríguez, solicita un intercambio de información na elaboración destes traballos, para poder facer achegas, ao que o secretario xeral asinte.

Toma a palabra D. José Ignacio Paz Bouza, representante do Centro Gallego de Salamanca, e manifesta a súa preocupación de que debido ao número mínimo de socios recollidos na actual normativa a moitas pequenas entidades non se lles recoñeza a galegitude a pesar da súa tradición e do magnífico traballo que realizan. Nese caso apunta que moitas das entidades asentadas en España, poderían estar nesta situación xa que moitos dos seus socios poderían considerarse como simpatizantes, xa que non son galegos nin de ascendencia galega. En Castela e León poderían quedar só tres entidades con recoñecementos de galegitude. Así mesmo manifesta que os menores de dezoito anos non poderían ser considerados como socios, porque está recollido nos propios estatutos das entidades. Manifesta que cada vez é máis difícil que a xuventude se asocie, xa que estamos a vivir nunha sociedade moi individualista, o que dificulta a pervivencia das sociedades.

O secretario xeral aclara que o concepto de socio que se recolle na Lei é o de “aquela persoa que participa na vida da sociedade” polo que aquelas persoas menores de dezoito anos deben ser consideradas como tales, sempre que participen na vida das sociedades.

D. José Ignacio Paz Bouza, en canto á solicitude de recoñecemento da galegitude solicitada polas entidades á administración, manifesta non estar de acordoco sentido negativo do “silencio” recollido na Lei.

O secretario xeral, aclara que o matiz de desestimado que recolle a Lei, non quere dicir que, a pesar de transcorrido o período prescrito nela, non poida ser recoñecida posteriormente. Que é



necesario que sexa negativo xa que o recoñecemento da galeguidade ten que ser acordado polo consello da Xunta de Galicia, logo do informe da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. De todos os xeitos tratarase no regulamento de aclarar na medida do posible este matiz.

En canto a Memoria Anual Económica Paz Bouza, di que anualmente as entidades teñen a obriga de aprobar en asemblea xeral tanto a memoria anual de actividades como a económica, o que non sempre coincide no primeiro trimestre que marca o proxecto de decreto.

D. Ildefonso de la Campa di que se estudará unha fórmula que recolla as distintas casuísticas de cada entidade.

D. Ignacio Paz Bouza, solicita que os soportes dos documentos poidan ser cubertos on line e que non se envíen en PDF.

D. Ángel Robles Pazos, representante do Lar Gallego de Sevilla, manifesta estar de acordo coa preocupación polo número de socios que recolle a normativa para que se recoñeza a galeguidade, e que no proceso de elaboración do programa de xestión se solicitase achegas a todas as entidades.

Sendo as 14:30 h. Incorpóranse á sesión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo e o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, D. Alfonso Rueda Valenzuela.

Toma a palabra o presidente da Xunta de Galicia, saúda e agradece a presenza dos membros da Comisión Delegada, así como o seu traballo na mesma e no seo das súas institucións.

Intervén facendo un relatorio da situación socio económica de España e de Galicia dende o ano 2009, fai fincapé nos principios reitores que moven a actuación do goberno de Galicia, salientando que o seu obxectivo principal é garantir os servizos públicos e o benestar das galegas e galegos, pero sen descoidar a necesidade de ser unha comunidade solvente e eficaz, sen necesidade de recorrer a axudas ou rescates por parte do goberno central.

Continua dicindo que a primeira lexislatura foi a de asentar as contas públicas, facendo mención á necesaria diminución dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e que nesta segunda lexislatura o gran obxectivo do goberno de Galicia, será o da saída da crise, coa pretensión clara de crear emprego neto. Manifesta que os datos que se están coñecendo así o apuntan, aínda que “a travesía do deserto non vaia ser fácil nin curta”.

Continúa manifestando que a Lei da galeguidade aprobada pode ser considerada coma a “vosa Lei” referíndose aos representantes das comunidades galegas, que pretende modernizar e actualizar a galeguidade para preparala para os “vosos netos e fillos”, que lles debemos entregar actividades e patrimonio e non só nomes.

Quere felicitar expresamente a aqueles que teñen iniciado procesos de unión, poñendo de exemplo o caso concreto das sociedades de Cataluña. Así mesmo di que se está traballando nese mesmo sentido en Arxentina, Alemaña e Cuba e que o futuro pasa por unir as entidades. Pide un esforzo por lanzar unha mensaxe de suma ás mozas e mozos, con vontade de permanencia. Manifesta que é unha prioridade a suma de esforzos non só no ámbito da



galegidade, senón tamén en todos os eidos do goberno de Galicia, introducindo como criterio principal das axudas públicas, as solicitadas para unir esforzos e ofrecer servizos conxuntos.

En canto ao voto das galegas e galegos residentes no exterior, a discusión continúa aberta. Di que este debate é oportuno vistos os resultados de participación nas últimas convocatorias electorais e as dificultades reais para exercer o dereito a voto.

Neste sentido ve tres posibles opcións para mellorar esta participación, garantindo, como principio irrenunciábel, a seguridade e participación de quen vota.

1. O voto en urna
2. Explorar a posibilidade do voto telemático
3. Prorrogar o período actual para exercer o dereito a voto

A continuación fai unha rolda de intercambio de pareceres con cada un dos representantes da comisión sobre a situación das súas comunidades e dos seus países, facendo fincapé nos procesos de unión que se poden ir levando a cabo. Unha vez rematada a rolda despídese de cada un dos presentes.

Sendo as 15.30 h. realizase un receso para xantar.

Ás 17.00 h reiníciase a sesión e o presidente da Comisión Delegada continúa co rolda de palabra do punto tres, dándolla a Dna. M^a Ángeles Rodríguez, representante da Hermandad Gallega de Venezuela.

Dna. M^a Ángeles, manifesta que a situación das comunidades de América se presenta distinta á das de Europa e España. A súa sociedade conta con oito mil socios galegos dun total de dez mil e que actualmente están nun proceso de unión con algunhas entidades que conviven dentro da Hermandad. Considera que é labor das sociedades adaptarse á nova lei, prestándose a colaborar en todo o que necesiten as outras comunidades ou a propia Secretaría Xeral da Emigración.

Toma a palabra D. Jorge Torres Cantalapiedra, manifestando a súa coincidencia co exposto con D. Ernesto Lagarón. Di que a súa institución é unha entidade solvente, aínda que cada vez é máis difícil incorporar xente nova que se implique, xa que os cargos directivos son de carácter honorífico. Manifesta que é necesario facer sustentables as comunidades galegas asentadas no exterior.

Toma a palabra D. Manuel Ramos, manifestando a súa coincidencia coas pretensións xerais da Lei. Di que a unión de sociedades require esforzos, pero aínda que sexa un arduo labor, é necesario abordalo.

D. José Luís Durán, pide que se revise a porcentaxe de socios galegos das entidades prevista no proxectoe di que pode haber problemas neste sentido en moitas das comunidades da Arxentina. Di que será complicado alcanzar o 55% de socios galegos ou descendentes en países nos que haxa unha gran participación dos nativos nas sociedades, e que estas dificultades dependerán así mesmo da rigorosidade aplicada pola administración galega no momento de exixira documentación para acreditar a vinculación dos socios con Galicia.



Así mesmo manifesta non parecerlle de todo xusto a diferenza de número de socios requirido para as comunidades dun só municipio e o solicitado a aquelas outras nas que haxa dúas ou máis no mesmo ámbito.

Tamén di que a Lei fixa un prazo de seis meses dende a súa promulgación para adaptarse á actual normativa, aínda que non se teña fixado os requirimentos para elo.

Manifesta que seis meses é pouco tempo en moitos países para poder convocar as asembleas correspondentes e efectuar o necesario cambio de estatutos.

D. Ildfonso de la Campa, aclara que se está estudando a posibilidade de que co acordo da asemblea da entidade manifestando a vontade de adecuarse á Lei podería ser suficiente para manter temporalmente o recoñecemento da galegitude.

Sobre a documentación para acreditar a ascendencia, podería ser a que se vén solicitando para os diferentes programas promovidos pola Secretaria Xeral ou ben un acordo da xunta directiva, certificando e acreditando a ascendencia dos correspondentes socios.

O secretario xeral abunda en que se fará un estudo da documentación que xuridicamente cumpra os requisitos marcados na lei e que á súa vez sexa o máis sinxela posible.

Toma a palabra Dña. Marta Donsión, e manifesta que o Centro Galego de Bos Aires non pode fusionarse con outras asociacións. Actualmente funciona soamente como institución sanitaria e que dos actuais dez mil socios, hai catro mil galegos. Manifesta que entre os seus principais obxectivos está o de defender a institución que representa e que a súa situación é singular tamén pola súa propia historia.

D. Enrique Repiso pide aclaración sobre o proceso que teñen que desenvolver as comunidades galegas xa recoñecidas para adecuarse á Lei. Salienta a necesidade dalgunha cláusula para contar como descendentes ou galegos a aqueles que aínda que non o sendo, realicen actividades e se vinculen coa cultura galega. Considera excesivo a porcentaxe do 55% de galegos para algunhas asociacións.

D. Ildfonso de la Campa responde que a Lei determina uns mínimos, e que a intención é non varialos. Para estes casos a Lei recolle varios tipos de asociacións que abarcan o abano das diferentes tipoloxías de entidades.

Toma a palabra o representante do Centro Galego de Londres, D. Nicolás Miño, e solicita coñecer o que se vai a pedir para demostrar a vinculación con Galicia antes do 31 de decembro.

D. Ildfonso de la Campa contesta que se pedirá documentación de carácter xeral como pode ser o DNI, pasaporte, rexistro de matrícula consular..., que de todas formas estudarase a mellor forma posible

Don Nicolás Miño solicita aclaración da documentación a presentar coa memoria económica

Ildfonso de la Campa respóndelle que sería suficiente con presentar copia compulsada do que se presente perante o goberno inglés. Nicolás Miño pide que se poda entregar en inglés.



O presidente da comisión di que se tratará de articular un modelo mixto. Pide que as distintas entidades, polo de agora, envíen o que están a presentar ás autoridades nos lugares en que están asentadas. Di que entende a preocupación dos representantes das entidades no asunto que fai referencia aos socios que as compoñen, que se tratará de buscar un sistema que sexa viable, matizando que no procedemento non se teña que achegar documentación que xa obre en poder da administración e buscando a simplificación da documentación que se solicite

A continuación dálle a palabra a D. Álvaro Moreira Muíños, representante de Xuventude de Galiza – Centro Galego de Lisboa-, quen manifesta que estudará a proposta de decreto presentado e que a situación do seu Centro é privilexiada no asunto da unión de entidades posto que é a única existente en Portugal. Pide que se cree un software sinxelo, utilizable polas entidades, e que á súa vez sirva de ferramenta de relación entre todos. Préstase a colaborar en todo o necesario.

Toma a palabra Dña. Alejandra Plaza Rodríguez, representante do Centro Cultural Galego de Frankfurt e di que as distancias son feitas a ter en conta a hora da unión de sociedades así por exemplo en Alemaña as que se podían unir xa o fixeron ou están a facer (Nurenberg) e comprométese a falar neste sentido con todos os centros de Alemaña, di tamén que os centros deste país poden ter problemas co número de socios esixidos na normativa: Coincide con Nicolás Miño no canto da forma de presentar as memorias da contabilidade.

O presidente dá a palabra a D. Miguel Palomo López representante do Centro Gallego de Bruxelas quen pide aclaracións sobre a redacción do artigo 16.1 do capítulo VI sobre a revogación do outorgamento da galeguidade ás comunidades galegas. Comprobándose efectivamente que debe ser un punto a aclarar no texto definitivo do decreto.

Toma de novo a palabra dona Alejandra Plaza Rodríguez solicitando un prazo máis prolongado que o establecido (mediados de setembro), para facer achegas ao proxecto de decreto, xa que moita xente vai estar de vacacións neste tempo.

O secretario xeral di que aínda que sabemos que nalgúns partes do mundo se está en período vacacional non en todas partes é así e que de todas formas os tempos para tramitar o decreto non deixan moitas máis opcións.

Algúns dos presentes solicitan que se envíe o proxecto de decreto mediante correo electrónico ás comunidades galega, feito co que o secretario xeral se manifesta de acordo.

4.- Cuarto punto da orde do día: Informe do estado actual das accións emprendidas por varias comunidades galegas no referente aos correspondentes procesos de unión.

A solicitude de algúns dos presentes acórdase non volver a tratar especificamente este punto xa que xa fora detalladamente abordado na intervención do presidente da Xunta de Galicia.

5.- Quinto punto da orde do día: Rogos e preguntas.

O presidente abre unha rolda de intervención.

Ernesto Lagarón solicita coñecer onde e cando se vai celebrar a próxima xuntanza da Comisión Delegada.



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

O presidente respóndelle que está previsto reunirse outra vez en Galicia antes do remate deste ano aínda que a data e cidade concretas están aínda por determinar.

Sen máis intervencións e sen máis asuntos o presidente da comisión dá as grazas polo traballo desenvolvido polos seus membros e sendo as 18:30 horas dá por rematada a sesión.

O Presidente

O Secretario

Antonio Rodríguez Miranda

Ramón Brigos Fernández